



PROCESO DE ADMISIÓN PARA ALUMNADO NOVO NO CENTRO CURSO 2024-2025 E.S.O. E BACHARELATO

DOG212 (martes 08-11-2022) Orde do 21-10-2022

1. O alumnado procedente de centros NON adscritos que o vindeiro curso queira matricularse no I.E.S. Xesús Ferro Couselo, deberá cumprimentar o ANEXO II (solicitud de admisión ED550B, dispoñible no centro e na páxina da xunta [admisionalumnado \(xunta.gal\)](http://admisionalumnado.xunta.gal)).

As familias poderán cumprimentar as solicitudes de admisión de xeito manual ou a través da aplicación no menú: Solicitudes > Admisión > Crear

Esta solicitud deberase presentar no centro educativo solicitado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, incluída a SEDE ELECTRÓNICA, para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital, sendo esta a canle preferible de presentación.

Presentación de solicitudes: 1-20 de marzo.

Só poden presentar UNHA SOLICITUDE POR ALUMNO/A, no centro elixido en primeiro lugar, **asinada por ambos proxenitores** e coa documentación indicada no mesmo (Art.13.2.1º).

Para a presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo dispórase de 10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.

2.O alumnado xa matriculado no IES Xesús Ferro Couselo ten garantida a súa permanencia nel e non require un novo proceso de admisión (Art.9.1); pero terá que matricularse en xullo

O alumnado que ten garantida a permanencia nun centro, se presenta solicitud de admisión noutro distinto debe comunicalo, ó mesmo tempo, ó centro de orixe (Art.13.2.2º).

PUBLICACIÓN DE LISTAXES

A publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas farase antes do 25 de abril e as listaxes definitivas antes do 15 de maio.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA EN ESO E BACHARELATO:

Presentación da documentación: 23 de xuño de 2024 -7 de xullo de 2024

O **alumando admitido que non formalice a matrícula no prazo anterior** perde o dereito á praza obtida (artigo 41 da Orde de admisión), e **será dado de baixa na aplicación admisión alumnado antes do 12 de xullo de 2024**, indicando como motivo da baixa “non formalización de matrícula en prazo”.